

Informe de legalidade sobre o proxecto de decreto polo que se modifica o decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1 Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran.



En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para o bacharelato, determinando os aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa ordenación. No seu artigo 14, materias optativas, recolle que “corresponde ás administracións educativas a regulación da oferta das materias optativas, que deberá incluír, polo menos, unha segunda lingua estranxeira”; tamén que “os centros poderán facer propostas doutras optativas propias no marco do disposto pola administración educativa correspondente.”

O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determina no seu artigo 10.7 que todo o alumnado do primeiro curso do bacharelato debe cursar unha materia optativa, e no seu artigo 11.7 que todo o alumnado do segundo curso do bacharelato debe cursar unha materia optativa.

2 Necesidade e oportunidade

O desenvolvemento curricular en materia educativa na Comunidade Autónoma de Galicia demanda a determinación dunha formulación aberta, que posibilite a incorporación, a través de novas materias optativas que amplíen as opcións de configuración da oferta dos centros e de elección para o alumnado, doutros coñecementos ou competencias que poidan xurdir ou facerse necesarias para que o alumnado acade o logro dos obxectivos educativos establecidos no bacharelato.

Por outra banda, o recente Real decreto 205/2023, do 28 de marzo, polo que se establecen medidas relativas á transición entre plans de estudos, como consecuencia da aplicación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificou na súa disposición final primeira o Real decreto 243/2022, do 5 de abril, afectando deste modo á regulación do Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

En relación ao exposto, precísase unha modificación do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, que regule a posibilidade de ampliar a oferta de materias optativas no bacharelato e adapte o texto normativo á modificación do Real decreto 243/2022, do 5 de abril. Esta modificación propónse en virtude da disposición derradeira segunda do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, que faculta á persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas no



relativo á organización e materias propias do seu departamento e ao desenvolvemento deste decreto.

3 Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de decreto foi elaborado como anteproxecto pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de 1 de marzo de 2023, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico do 13 de abril de 2023

De acordo co artigo 41.2 da citada lei, o texto da proposta normativa expúxose publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do Portal de Transparencia e Goberno Aberto durante o período comprendido entre o 03/03/2023 e o 17/03/2023. Nese prazo Para este proxecto recibíuse unha achega/opinión do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia na que se propón a creación de dúas materias optativas para o segundo curso de bacharelato denominadas "Patrimonio Natural" e "Laboratorio". A proposta foi rexeitada segundo o informe da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa do 10/04/2023. Con todo, este informe indica que



será tida en conta no momento de elaborar a normativa con rango de orde que especifique o currículo de novas materias optativas.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de decreto polo conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o 17 de abril de 2023, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado da directora de Área de Administración dixital na Amtega que no período comprendido entre o 18/04/2023 e o 10/05/2023 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), se expuxo publicamente no portal de Transparencia e Goberno Aberto o texto íntegro do proxecto de decreto, non se recibiu ningunha achega/opini3n.

As3, na tramitaci3n do proxecto solicitouse informe 3 Secretar3a Xeral da Igualdade —emitido o 4 de maio de 2023— e 3 Direcci3n Xeral de Planificaci3n e Orzamentos —emitido o 3 de maio de 2023—.

De acordo co artigo 42.9 da Lei 16/2010, remitiuse 3 Conseller3a de Pol3tica Social e Xuventude unha an3lise do impacto demogr3fico do proxecto e a Direcci3n Xeral de Familia, Infancia e Dinamizaci3n Demogr3fica emitiu informe con data 26 de abril de 2023.

En data 20 de abril trasladouse o texto do proxecto de decreto 3s conseller3as da Xunta de Galicia, aos efectos de formular 3s observaci3ns que procedera formular, sen que se tivera formulada ningunha alegaci3n.

Figura tam3n no expediente o ditame emitido polo Consello Escolar de Galicia, en reuni3n celebrada o d3a 1 de xu3o de 2023, coas propostas recollidas na dita reuni3n.

Incl3ese no expediente a acta da Mesa Sectorial Docente non Universitaria celebrada o d3a 14 de marzo de 2023 e certificaci3n emitida pola secretaria da Mesa, asinada con data de 28 de marzo de 2023, na que se fai constar que o proxecto de decreto foi tratado na sesi3n celebrada o 14 de marzo de 2023.

O Consello de Cooperaci3n Bibliotecaria de Galicia emitiu informou favorablemente o proxecto de decreto, na s3a reuni3n do d3a 29 de maio de 2023. Consta certificado



emitido pola secretaria do dito órgano co visto en data 29 de maio de 2023.

Constan tamén memorias da Dirección Xeral de Innovación e Ordenación Educativa, do 8 de xuño de 2023, sobre as suxestións efectuadas pola Mesa sectorial docente e polo Consello Escolar de Galicia.

A Asesoría Xurídica Xeral emitiu informe o 13 de xuño de 2023.

Por último, con data 14 de xuño de 2023, achegouse informe da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa en relación co informe da Asesoría Xurídica Xeral.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de decreto polo que se modifica o decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela

Manuel Vila López
Secretario xeral técnico

